



CAMARIÑAS ( A Coruña)

---

# Caderno de notas

# A lingua da vida

---



Concello de  
**Camariñas**  
A Coruña



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**Organiza:** Concello de Camariñas

**Subvenciona.** Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia

**Fotos e textos:** Benquerenza e Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas

**Debuxos.** Alfonso, Alma, Ángel, Antón, Candela, Cándida, Cristina, Miguel Ángel, Olaf, Omar, Paula, Sasha.

**Deseño e maquetación.** Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas



# Limiar

A lingua da vida é o nome dos obradoiros medioambientais que se desenvolveron en Camariñas (A Coruña) os días 19 e 20 de agosto de 2017 e que contou coa subvención da Consellería de Cultura e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Nenos e nenas de 8 a 13 anos coñeceron os nomes e características dalgunhas das especies da flora e fauna máis comúns na vila de Camariñas.

Neste caderno recóllense as fotografías, os debuxos e as anécdotas acontecidas nesta andaina de descubrimentos onde a lingua galega deu luz á vida que atopamos en Camariñas.

Manuel Valeriano Alonso de León  
Alcalde de Camariñas



# Participantes

*Monitor.*

*Fernando García Fernández. Benquerenza*



*Participantes:*

*Ainhara, Alejandro, Alexandra, Alma, André, Ángel  
Manuel, Antón, Candela, Cloe, Daniel, Enma, Iago,  
Lola, Martín, Miguel Ángel, Olaf, Omar, Sasha e Koel*



# O paseo

No Paseo Marítimo de Camariñas temos atopado moitas árbores e paxaros. O noso monitor contounos que as especies teñen nomes diferentes en cada idioma e os científicos e científicas acordaron nomear en latín cada unha das especies para evitar confusións.

Cada país, e mesmo cada lugar, ten os seus nomes para as plantas e os animais. Por exemplo, un dos peixes máis comúns nos portos é o muxo. E mesmo aquí, en Galicia, temos diferentes nomes para estes animalíños: muxo, muxo cabezudi, muxe, pardete, comemerda... En Andalucía chámanlle capitán e en Euskadi corcón. O nome científico co que foi bautizado é *Mugil cephalus* e así é identificada esta especie e ninguén pode ler ese nome.

Da flora atopada neste paseo puidemos coñecer mellor ao lamigueiro, ao perexil de mar, á silva, e ao alcipreste de Arizona. Da fauna coñecemos a tres tipos de gaiolas, ao corvo mariño cristado, ao pardal e ao muxo.



# CAMARIÑAS ( A Coruña)







# O paseo



FLORA

# O Lamigueiro

*Populus nigra*



A árbore que non lle gusta a  
sombra



# O Lamigueiro

## FLORA




Como me chamo?

- En galego chámanme Lamigueiro; en castelán, Chopo negro; o meu nome científico é *Populus nigra*.
- Os galegos chámanme así porque medro en lugares onde hai moita lama, xa que me gusta moito a auga.
- En latín *Populus* indica que era unha árbore moi común xa na antigüidade

# O Lamigueiro

## FLORA

Como me podes  
recoñecer?



- Son unha árbore coas follas en forma de rombo, rematadas en punta.
- A marxe das miñas follas semella a unha serra, con pequenos dentes ao longo do bordo. A cor é verde intenso por arriba (pola face), e máis pálida por abaixo (polo envés).
- Algo que me fai inconfundible son os avultamentos que aparecen na cortiza do meu tronco, sobre todo cando son maior.
- Ademais, as ramas saenme do tronco dirixíndose cara arriba, polo que teño un aspecto moi característico.

# O Lamigueiro

## FLORA



**Cando florezo?**

- A finais do inverno brotan as flores.
- Na primavera, os que somos femias, producimos unhas sementes recubertas de peliños para que as leve o vento lonxe dos seus pais.

**Onde vivo?**

- En Galicia son máis abundante na zona oriental e medro sempre en terreos húmidos, como as ribeiras dos ríos ou dos regatos, en lugares onde poida tomar o sol, xa que non me gusta a sombra.
- Tamén o home cultívame con frecuencia en parques e xardíns, pois parece que lle gusta coma árbore de paseo.

# FLORA

## O Lamigueiro




**Para que me usan?**

- A miña madeira é moi boa para facer caixas de froita e outras embalaxes.
- Teño tamén moitas propiedades, algunhas delas medicinais, pois fai xa moito tempo usábanse as miñas xemas para preparar un unguento moi coñecido, o "unguento popúleo".
- Este unguento mesturaba as xemas de lamigueiro con manteiga de porco e follas de leituga e papoulas.
- A mestura deixábase macerar uns días e logo cocíase a pouco lume, remexendo ata que finalmente quedaba unha masa seca, que se gardaba en botes de cristal para baixar e aliviar as dores provocadas polas hemorroides.

# O Perexil de Mar

*Crithmum maritimum*

FLORA



Unha herba ben ancorada

## FLORA

## O Perexil de Mar

**Como me chamo?**

- En galego chámanme Perexil de Mar; en castelán, Hinojo marino; o meu nome científico é *Crithmum maritimum*.
- O meu nome galego indica que son algo semellante ao perexil e, de feito, estou emparentado con el pois somos da mesma familia.
- En latín maritimum fai referencia a que vivo preto do mar.

# O Perexil de Mar

## FLORA



**Como me podes  
recoñecer?**

- Son unha herba perenne, que está viva todo o ano, coa base do talo leñosa, e coas follas grosas, coma carnosas, para almacenar auga.
- Todas as flores que teño aparecen sempre xuntas, reunidas no extremo dos talos. Os pétalos das miñas flores son pequeniños, pero moi xeitosos, de cor verde-amarela.
- Non medro moito en altura, pois teño que pegarme ao chan para resistir os fortes ventos da costa.
- A miña cor xeral é dun verde claro para aguantar a potente luz do sol, e as miñas follas son grosas para almacenar a pouca auga que podo coller nos sitios onde vivo, pois neles hai moita sal por causa do mar.
- Ata onde eu medro, ademais dos fortes ventos, chegan mesmo as ondas do mar cando está bravo, polo que as miñas raíces son moi potentes para ancorarme con firmeza ás fisuras das rochas.


# FLORA

## O Perexil de Mar

- De xuño a setembro estou en flor, de feito dou moitas flores pequeniñas todas reunidas no que se coñece coma inflorescencia, de cor amarela tirando a verde.
- Logo esas flores dan lugar a froitos de cor verde oliva.

**Cando florezo?**

**Onde vivo?**



- Aparezo por toda a costa galega, sobre todo nos acantilados e rochedos marítimos, sempre preto do mar.
- Ás veces, medro sobre a area polo que tamén me podedes ver nalgunhas dunas.



# O Perexil de Mar

## FLORA



**Para que me usan?**

- Fun unha planta moi importante para os navegantes polas miñas propiedades antiescorbútcas.
- O escorbuto é unha enfermidade que se produce por falta de vitamina C, que afectaba no pasado a moitos mariñeiros que durante as súas longas travesías non podían consumir froitos nin hortalizas.
- Esta enfermidade pode chegar a ser mortal, e para curarse ou non contraela hai que tomar vitamina C.
- De aí que non hai tantos anos os mariñeiros colleran as miñas follas, moi ricas en vitamina C, e as adobaran con sal e vinagre para conservalas e así poder aguantar as longas travesías no mar.
- Aínda hoxe en moitos lugares, consúmense as miñas follas tenras en ensalada ou mesmo se fan conservas con ela.

FLORA

*Rubus ulmifolius*



O arbusto das moras

# @ Silva

## FLORA



Como me chamo?

- En galego chámanme Silva; en castelán, Zarzamora; o meu nome científico é *Rubus ulmifolius*.
- En latín, *ulmifolius* fai referencia a que as miñas follas son semellantes ás do umeiro

# FLORA

**Como me podes  
recoñecer?**



- Son un arbusto gabeador, con talos moi espiñentos e impenetrables semellantes ós das roseiras, pero de cor violeta escura.
- As follas que teño chámanse dixitadas, pois están formadas por dúas ou tres folliñas máis pequenas, como se foran os dedos dunha man.
- Estas follas máis pequenas coñécense co nome de folíolos e teñen a marxe en forma de serra, verdes pola face e máis brancas polo envés.
- Os pétalos das flores son de cor rosa forte a brancas, e as flores non teñen espiñas.
- Os froitos son as famosas moras, vermellas cando inmaturos e negras ao madurar, de sabor doce moi agradable.


# @ Silva

## FLORA

**Cando florezo?**

- Florezo dende finais de maio ata agosto e as moras maduran por agosto ou setembro

MORA



**Onde vivo?**

- Aparezo por toda Galicia, nas beiras dos camiños, nos claros dos bosques, nos bordos dos regatos, en sebes, lindeiros, barrancos, e un longo etcétera.

@ Silva

## FLORA

Para que me usan?




- As moras somos froitas do bosque moi apreciadas en pastelería para preparar sobremesas, marmeladas, xeleas e con elas mesmo tamén se poden facer licores.
- Somos moi ricas en vitaminas, ferro e sales minerais, polo que nos recomentan para combater a anemia.
- Grazas ao néctar que extraen as abellas das miñas flores, fabrican con el un mel excelente.

# Alcipreste de Arizona

*Cupressus arizonica*

FLORA



A árbore dos  
mortos

## FLORA

## Alcipreste de Arizona

Como me chamo?



- En galego chámanme Alcipreste de Arizona; en castelán, Ciprés de Arizona; o meu nome científico é *Cupressus arizonica*.
- O nome de ciprés ou alcipreste deriva do mito grego de Kyparissos (Cipariso), un mozo da illa de Keos que Apolo converteu en alcipreste



# Alcipreste de Arizona

## FLORA



**Como me podes  
recoñecer?**

- Son unha árbore coas follas moi pequenas, en forma de escama, de cor verde azulenta, e que ao retorcelas desprenden un cheiro pouco agradable.
- Tamén posúo unhas piñas formadas por varias escamas leñosas, cada unha delas cunha especie de pico ou corno no centro, todas recubertas por unha clase de cera azulada.

## FLORA

## Alcipreste de Arizona

**Cando florezo?**

- Non posúo verdadeiras flores, senón unha especie de conos que acaban dando lugar a piñas.
- As piñas permanecen moito tempo na árbore, e cando as súas escamas se separan deixan saír unhas sementes moi aplanadas que van acompañadas por un ala, o que lles permite voar co vento.

**Onde vivo?**

- Non son orixinario de Galicia nin da Península Ibérica, pero frecuentemente cultívanme en xardíns e cemiterios.

# Alcipreste de Arizona

## FLORA

### Para que me usan?

- É moi común verme plantado por parques e xardíns, en casas señoriais ("a casa con ciprés, casa nobre é"), e sobre todo, nos cemiterios pois dende moi antigo asocióuseme coa morte.
- A miña madeira é de moi boa calidade, practicamente imputrescible, mesmo somerxida, polo que se me empregou moito en construción de barcos.



## FLORA

## Alcipreste de Arizona




## O mito de Cipariso

- Conta unha lenda grega que fai moito moito tempo, nunha illa chamada Quíos, vivía un cervo grande e fermoso, de cornas xigantes recubertas de ouro, un ser verdadeiramente marabilloso. Como cervo máxico que era non lle temía aos homes, e tiña gran amizade cun dos habitantes da illa.
- Este mozo chamábase Cipariso, fillo do rei de Quíos e un dos mellores arqueiros de toda Grecia. Cipariso e mailo cervo ían sempre xuntos polos prados e os bosques, sempre xogando e rindo, eran moi bos amigos.
- Pero un día de moita calor, en pleno verán, o cervo foise deitar á sombra dunhas árbores, no medio do bosque.
- Coincidiu que a esa mesma hora Cipariso saíu a cazar. Contábase de Cipariso que era tan bo arqueiro que endexamais errara un tiro.
- Cipariso ía co seu arco e viu entre a espesura un animal ao lonxe, lanzou a súa frecha e correu a ver cal era a súa presa.
- Cal foi a súa sorpresa cando se decatou de que ferira mortalmente ao seu mellor amigo. O cervo morreu entre os brazos de Cipariso, que non podía aturar a enorme pena que tiña.

# Alcipreste de Arizona

## FLORA



### O mito de Cipariso

- Tanto tanto se entristeceu Cipariso, que mesmo o poderoso deus Apolo acudiu persoalmente a consolalo.
- Pero foi unha misión imposible, Cipariso pediulle a Apolo que lle permitise por sempre penar ao cervo.
- Apolo, a pesares de que quería moito a Cipariso, non puido facer outra cousa que concederlle o desexo, converténdoo nunha árbore: do seu pelo brotou a follaxe, o seu corpo cubriuse da cortiza, e todo el medrou ata o ceo para se converter nun magnífico alcipreste.
- Apolo, suspirando, díxolle: "loito serás dende este instante para a xente e consolo serás dos doentes".
- E deste xeito foi coma o ciprés se converteu na árbore dos mortos e se plantou sempre nos cemiterios, como símbolo de aflicción.

FAUNA

# Gaiivota patiamarela

*Larus michahellis*



As gaiivotas que aniñan nos  
tellados de Camariñas

# Gaiyota patiamarela

## FAUNA

**Como me chamo?**

- En galego chámanme *Gaiyota patiamarela*, en castelán, *Gaviota patiamarilla*, e o meu nome científico é *Larus michahellis*.



**Onde vivo?**

- Son a ave mariña máis común da costa, podédesme ver por toda Galicia, sobre todo no litoral, pero tamén viaxo cara ó interior para bañarme nos embalses ou comer algún petisco nos vertedoiros humanos cheos de lixo e restos de comida.
- O lugar do mundo onde son máis abondosa é Galicia, e A Costa da Morte é unha das miñas zonas preferidas, sendo as Illas Sisargas, preto de Malpica, un dos lugares que máis me gustan para aniñar.

## FAUNA

*Gaiwota patiamarela*

**Que aspecto teño?**

- Como ben indica o meu nome, teño as patas amarelas, as ás son de cor agrisada coas puntas negras e manchas brancas.
- O meu peteiro é amarelo cunha mancha vermella preto da punta.
- O resto do corpo: cabeza, peito e ventre son totalmente brancos.
- Cando son máis nova teño unha plumaxe diferente, moito máis escura, coas patas de cor rosa apagada, o bico negro e unha banda negra ao final da cola.
- En definitiva, as Gaiwotas patiamarelas máis novas temos unhas cores menos rechamantes para pasar máis desapercibidas, e poder agocharnos mellor dos depredadores.



# Gaiivola patiamarela

## FAUNA




### Como vivo?

- Para criar, se podo escoller, prefiro as illas mariñas ou se nón os cantís máis inaccesibles, para estar a salvo dos homes e doutros depredadores.
- Se non houbera xente nas praias, tamén me gustan para poñer o niño, pero en Galicia isto é moi complicado. Cando somos moitas e todos estes sitios están ocupados, podo aniñar nos tellados das vilas costeiras como, por exemplo, ocorre en Camariñas.
- Á hora de facer o niño non traballo moito, váleme un conco que adorno con algas, herbas e outros vexetais. Poño os ovos por maio e, tanto os machos como as femias, chocamos eses ovos durante un mes, tempo no que nacen os poliños que logo coidamos con esmero ata que aprenden a voar por eles mesmos.
- Para comer váleme case calquera cousa, pois non son nada escrupulosa, gústanme sobre todo os peixes, pero tamén os moluscos, os crustáceos, pequenos mamíferos, todo tipo de preas ou mesmo os vexetais, que así fresquiños están ben saborosos.

FAUNA

# Gaiivota escura

*Larus fuscus*



A gaiivota tímida

# Gaiivota escura

## FAUNA

### Como me chamo?

- En galego chámanme Gaiivota escura, en castelán, Gaviota sombría, e o meu nome científico é *Larus fuscus*



### Onde vivo?

- En inverno son moi abundosa polas costas galegas, mais en verán quedamos moi pouquiñas, moitas menos que as gaiivotas patiamarelas.
- A maioría de nós diríxense a outras rexións de Europa para criar, pero algunhas decidimos quedar, por exemplo, na Costa da Morte, que nos gusta moito. É onde temos a nosa maior colonia de cría de toda a Península, as illas Sisargas, que compartimos con moitas outras gaiivotas patiamarelas.

## FAUNA

## Gaiivota escura



## Que aspecto teño?

- Son practicamente igual á miña veciña Gaiivota patiamarela, mesmo tamén teño as patas da mesma cor.
- Pero como o meu nome indica posúo unha plumaxe moito máis escura, case negra, polo que se me vedes xunto a unha gaiivota patiamarela soamente vos tedes que fixar na tonalidade das plumas.

# Gaiivota escura

## FAUNA


### Como vivo?

- Para aniñar prefiro as illas ou as zonas máis chairas dos cantís, en lugares moi tranquilos, tamén o podo facer en praias ou dunas.
- Busco o alimento polas praias, portos, esteiros e augas costeiras, se fai falla, tamén en vertedoiros.
- Como me alimento tanto de animais coma de vexetais dise que son omnívora, e tampouco me importa comer animais que levan algún tempo mortos, en forma de prea.
- Son algo máis reservada que a gaiivota patiamarela, polo que intento non relacionarme tanto como fai ela coas actividades humanas.



FAUNA

*Gaiivota chorona*  
*Chroicocephalus*




A gaiivota que chora ou ríe

# Gaiyota chorona

## FAUNA

Como me chamo?



Onde vivo?

- Os galegos chámanme Gaiyota chorona, en castelán chámanme Gaviota reidora, e o meu nome científico é *Chroicocephalus ridibundus*.
- Seica aos galegos, cando escoitan os meus reclamos, parécelles que choro, e para os casteláns lémbbralles máis a unha risada; o mellor que podedes facer para saír de dúbidas é dar unha volta pola ría e comprobar se cando falo choro ou, pola contra, río.

- En Galicia son moi abundante durante o inverno, nas costas, praias, portos ou mesmo ríos e encoros, no interior do país.
- Ao igual coas anteriores gaiyotas tamén me gusta frecuentar os vertedoiros de cando en vez.
- Durante o verán quedamos moi poucas, soamente as que non temos idade para nos reproducir.
- A grande maioría marchamos ao centro e o norte de Europa, onde atopamos máis alimento para criar.

## FAUNA

## Gaiivota chorona



Que aspecto teño?

- Son máis pequena que as gaiivotas patiamarela e escura.
- Teño o peteiro e as patas vermellas, e no verán a miña cabeza tórnase da cor do chocolate, para estar máis bonitiña na época de cría.
- Logo, no inverno perdo esa cor e quedo cunhas manchas escuras detrás dos ollos que tamén me identifican con facilidade.
- Cando estou voando habédesvos fixar no bordo anterior das ás, de cor branco puro, moi visible mesmo a gran distancia.



# Gairola chorona

## FAUNA




### Como vivo?

- Para comer o que máis me gusta son os alimentos de orixe animal, por exemplo os vermes, pequenos crustáceos, insectos, pequenos peixes, despojos que flotan na auga e de cando en vez, non me desgusta tomar algún vexetal.
- Tamén visito os vertedoiros para aproveitar a gran cantidade de restos de comida que os humanos tirades ó lixo.
- Outra cousa que me podo facer para buscar comida é voar detrás dos tractores cando labran a terra, pois levantan moitos vermes e insectos; ou frecuentar os portos pesqueiros en busca de descartes de peixe que tiran os mariñeiros.

FAUNA

# Corvo Mariño

*Phalacrocorax aristotelis*



As aves dos cantís

# Corvo Mariño

## FAUNA

- En galego chámanme Corvo mariño cristado, en castelán, Cormorán moñado, e o meu nome científico é *Phalacrocorax aristotelis*.



Como me chamo?

Onde vivo?

- Podédesme atopar por toda a costa galega, mais prefiro as costas rochosas, polo que a Costa da Morte é un dos meus lugares preferidos.
- A zona que máis me gusta de Camariñas é o Cabo Vilán, os seus espectaculares cantís son ideais para poñer os nosos niños, pois non hai depredador que se atreva a engatar por eles.

# Corvo Mariño

## FAUNA



### Que aspecto teño?

- Son unha ave mariña bastante grande e elegante, de cor negra igual que os corvos.
- Durante a época de cría, para ser máis gaioleiro, crécese unha crista na testa a modo de floco, que resulta irresistible. De aí que os galegos me chamen acertadamente Corvo mariño cristado.
- O meu bico é escuro e teño a plumaxe ben lustrosa, polo que para coidala verédesme a cotío sobre as rochas secando as ás despois de pescar.

# Corvo Mariño

## FAUNA



### Como vivo?


- Sento debilidade polos peixes, que son o meu alimento favorito, e disque teño sonda de gran mergullador. Para pescar utilizo os meus grandes pés coma se foran aletas. .

- Crío en colonias, nas zonas máis inaccesibles dos cantís, coma cavidades, fisuras, repisas ou mesmo no interior das furnas.
- Para colocar o niño escollo que estea nun bo sitio, a salvo dos depredadores e das inclemencias do tempo, e, xa de paso, que me permita ter unha boa visión da entorna.
- Tanto os machos como as femias chocamos os ovos durante uns 30 días e, unha vez que nacen os polos, para alimentalos, deixámoslles que metan a súa cabeza no interior do noso bico e así regurxitamos a comida para que medren fortes e saudables.
- Durante os últimos anos na Costa da Morte, estamos sufrindo moito por causa das redes de trasmallo que se colocan preto das nosas colonias de cría e provocan que morramos afogados, pois ao seren de nailon, resultan moi difíciles de ver baixo a auga.

FAUNA

Pardal

*Passer domesticus*



O veciño da aldea

# Pardal

## FAUNA

Como me chamo?



- En galego chámame Pardal, en castelán, Gorrión común, e o meu nome científico é *Passer domesticus*.
- En latín *domesticus* fai referencia a que vivo nas casas ou preto delas.

Onde vivo?

- Encántame vivir preto do home, polo que me podedes atopar por calquera aldea, vila ou cidade galega.
- Se aínda por riba teño campos de cultivo e zonas abertas arredor, para min é o auténtico paraíso.

## Pardal

## FAUNA



Que aspecto teño?

- Son un pequeno paxariño moi común en case que calquera zona habitada.
- Os machos da miña especie recoñécense pola gorxa e o papo negros e a testa e o curuto, agrisados.
- As femias non teñen negro o peito e son, en xeral, máis apardazadas.
- Machos e femias temos o dorso e as alas de cor parda cincenta con riscas negras e as patas de tonalidade carnosa.



# Pardal

## Como vivo?




## FAUNA

- Sempre estou preto do home. Gústanme os ocos que hai nas súas construcións ou as cavidades que quedan baixo as tellas para poñer o niño.
- Tamén aproveito os desperdicios de comida que quedan polo chan dos vosos pobos e cidades e os froitos e as sementes dos vosos cultivos e xardíns.
- Estou tan adaptado ás vosas costumes que mesmo podo acabar aniñando sobre estatuas, farois ou, incluso, carteis publicitarios.
- Con herbas, palla, plumas e algunhas ramiñas construimos o niño entre os dous pais; as femias poñen os ovos e, tanto machos coma femias, incubámoslos durante 15 días.
- Para sacar adiante os polos, pai e nai cebámoslos con moita dedicación e en tres semanas xa están listos para valerse por si mesmos. Se temos un bo ano, podemos chegar a sacar ata tres roladas nunha mesma tempada.
- A todo os pardais gústanos estar sempre xuntos, polo que criamos en pequenas colonias, e, durante o inverno, formamos bandos densos para protexernos uns ós outros.

FAUNA

*Mugil cephalus*




O peixe que viaxa en familia

# Muxo


## FAUNA

Como me chamo?




- En galego chámanme Muxo, en castelán, Múgil, e o meu nome científico é *Mugil cephalus*.

Onde vivo?



- Son moi común nas augas costeiras de toda Galicia.
- Nos portos como o de Camariñas é moi habitual observarme preto da superficie da auga, coma se estivese a tragar aire.

## FAUNA



### Que aspecto teño?

- Son un peixe polo xeral, de medio metro de lonxitude, pero pode chegar a superar os 80 cm.
- Algúns de nós, os máis grandes, podemos pesar máis de un quilo de peso.
- Dende arriba son sinxelo de distinguir, pois teño a cabeza moi ancha, o fociño redondeado e o corpo alongado de cor marrón.
- Por abaixo e polos flancos teño unha tonalidade máis clara.
- Se algunha vez me observades de cerca, fixádevos en que teño catro espiñas na primeira aleta dorsal (na parte superior do corpo).

# Muxo

## FAUNA

### Como vivo?



- Gústame moito enterrarme no lodo, tanto para esconderme dos peixes máis grandes que me queren comer, como para buscar eu pequenos animalíños dos que me alimentar.
- Podo vivir tanto en auga salgada como salobre, polo que me podedes atopar no mar, nos esteiros ou mesmo no tramo baixo dos ríos.
- Habitualmente os muxes nadamos xuntos, formando grandes bancos de peixes. Para poñer os ovos migramos todos xuntos lonxe da costa durante o outono e inverno. Cada femia pode poñer case 2 millóns de ovas e as larvas que nacen retornan ás augas interiores dos esteiros, en augas pouco fondas onde hai menos depredadores e ao tempo poden dispoñer de moita comida.

## FAUNA

## Muxo



## Como vivo?

- Para alimentarnos os que somos adultos consumimos todo tipo de plancto e pequenas algas, ademais como temos un estómago ben duro podemos dixerir tamén toda clase de detritos ou materia en descomposición, de aí que nos vexades a miúdo succionar os restos de alimento e microalgas que quedan na superficie da auga.
- A pesares de que en Galicia non son polo xeral, moi apreciados, en moitos países colleitan as nosas larvas para acuicultura, e neles son considerado un verdadeiro manjar pois tanto frito, como afumado, ó forno ou en conserva fago as delicias de moita xente.

